Resumo
Unidade 9 : Antropoloxía Económica

Nesta unidade achegámonos ós conceptos da antropoloxía económica e introducimos as liñas de análise básicas nas investigacións dos diferentes modos de organizarse a vida económica nas distintas culturas e sociedaades.

De xeito preliminar explicamos dous significados da palabra economía: o primeiro fai referencia á busqueda de beneficio e á minimización de costes. O segundo ó proceso e institucións que están implicadas de xeito xeral na creación, distribución e o consumo de bens e servicios (aínda que non teñan como obxectivo "economizar"). Ambas definicións xeraron un debate histórico coñecido como o enfrontamento entre "formalistas" e "substantivistas". Deterémonos nel brevemente para presentar as achegas da disciplina. Recollemos neste punto tamén aquelas aportacións realizadas desde a atención outorgada ó medio ambiente.

A continuación o tema desenvolve os conceptos fundamentais da antropoloxía económica e as súas explicacións mais salientables sobre os distintos elementos da vida económica. Tratamos as diferentes maneiras de regular nas distintas sociedades a disposición e o acceso ós recursos naturais e a outros medios de producción, as diferentes maneiras de concebir o traballo e os distintos modos de distribución dos bens e serviciós producidos. Por último prestamos atención as recentes análise do fenómeno e proceso do consumo.